




Anotada en el Libro de Resoluciones

de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/3474/2019
05/06/2019

Area / Unidade GESTION DE DEPORTES DJ1000 LGS	Documento 21113I035S	
Código de verificación  3D6A 0V58 2263 0N4R 0ZL0	Expediente 211/2019/90	
	Data 05-06-2019	

Asunto.- Emenda de erros materias nas bases da convocatoria das prazas adxudicadas ao Concello da Coruña na CAMPAÑA DE VELA 2019 da Deputación da Coruña.

DECRETO

Visto o informe proposta que consta no expediente ao que lle presto conformidade, e sobre a base da competencia que me confire a legalidade vixente; en particular segundo o art. 124.4.b) da vixente LRBRL resultaría competente o Alcalde, pero tendo en conta que dita función foi delegada a favor deste Concelleiro Delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento a través do Decreto de Alcaldía de 28 de xuño de 2017, BOP 13/07/17.

RESOLVÍN:

Primeiro. Modificar as bases da convocatoria das prazas adxudicadas ao Concello da Coruña na CAMPAÑA DE VELA 2019 da Deputación da Coruña, aprobadas por Decreto do concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento (actuando con competencias delegadas pola Alcaldía) do 08/04/2019 e anotado no Libro de Resolucions baixo o núm. RES/AYT/2017/2019), para emendar os erros materiais en que incorren; cuxo texto definitivo se achega como anexo.

Segundo. Publicar as bases emendadas nos mesmos lugares onde se publicaron as orixinais obxecto de corrección.

A Coruña, na data da sinatura deste documento
O concelleiro delegado de Cultura, Deporte e Coñecemento,



ANEXO

Bases da convocatoria das prazas adxudicadas ao Concello da Coruña na CAMPAÑA DE VELA 2019 da Deputación da Coruña

Idades: entre os 9 e os 18 anos, ambos inclusive, cumpridos antes do 31 de decembro de 2019.

Quendas e prazas:

1. Quenda de mañá (de 10:00h a 14:00h): 20 prazas
2. Quenda de tarde (de 16:00h a 20:00h): 20 prazas

Datas: Dende o 29/07/2019 ao 02/08/2019.

Prezo: 25,00 € (vinte e cinco euros), que se ingresarán no número de conta que indique a Deputación da Coruña. Só se fará efectivo o pagamento unha vez confirmada a praza. A incorporación e regreso a e desde as instalacións onde se impartan os curros correrán a cargo das persoas adxudicatarias da prazas.

Requisito: Saber nadar.

Lugar: Estación Náutica Municipal A Coruña, sita na contorna da praia de Oza.

Procedemento de adxudicación de prazas, bases e requisitos, segundo requisitos da Deputación da Coruña:

1. A preinscrición realizarase dende a data de publicación na páxina web www.coruna.gal/deportes ata o día 08 de xullo ás 13:30 h. Farase en liña na devandita páxina web, ou presencial nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio de Deportes de Riazor.

- 1.1.** Para as solicitudes de preinscrición non é necesario presentar ningún documento nin ficha, tan só cubrir os datos na páxina web.
- 1.2.** É imprescindible que os rapaces e rapazas estean empadroados na provincia da Coruña

2. Listaxe provisional de solicitantes: publicarase a partir do 09 de xullo de 2019. Abrirase un período de alegacións para corrección de erros de tres días naturais, do 10 ao 12 de xullo; presentaranse nas oficinas de rexistro do Servizo Municipal de Deportes do Concello da Coruña sitas na Cidade Deportiva da Torre, Polideportivo do Barrio das Flores e Palacio de Deportes de Riazor.

3. Sorteio público: Nos supostos en que o número de prazas ofertadas sexa menor que as demandadas, para a orde de preferencia realizarase un sorteo público ante o o Secretario Xeral do Concello da Coruña ou persoa na que delegue, o día 18 de xullo de 2019 as 10:00 horas no Pazo dos Deportes de Riazor, sacando dúas letras que se corresponderán coas iniciais do primeiro e segundo apelido, de tal xeito que:

- 3.1.** Seleccionarase unha primeira letra que se fará corresponder co corte do primeiro apelido, e a continuación unha segunda letra para o segundo apelido



que marcará sobre o primeiro apelido un novo corte. A partir deste segundo corte, procederase a adxudicar as prazas correlativamente en orde alfabética, tendo en conta o segundo apelido ata a letra Z (se a houber), momento en que se cambiará á seguinte letra do primeiro apelido para continuar correlativamente seguindo a orde alfabética ata, se fose necesario, dar a volta á listaxe.

3.2. En base ao disposto nos artigos 49.2 in fine e 53 da Lei 20/2011, do 21 de xuño do Rexistro Civil (BOE do 22 de xullo de 2011), as preposicións, conxuncións e calquera partícula en xeral que acompañen a un apelido non forman parte do mesmo.

3.3. En todo caso, terán preferencia na orde de asignación de prazas as persoas empadroadas no concello da Coruña.

4. Listaxe de agarda: Todas as persoas solicitantes que non obtivesen praza pasan a formar parte da listaxe de agarda.

4.1. Se rematado o prazo de matrícula previsto na cláusula 6 non se completasen finalmente as prazas, chamaranse os seguintes da listaxe de agarda e anunciarase na páxina *web* a seguinte listaxe de prazas adxudicadas e mais as novas datas de matrícula. Se as persoas chamadas non se presentasen entenderase que renuncian ás prazas adxudicadas.

5. Publicación da listaxe definitiva: 18 de xullo de 2019

6. Matrícula e formalización de inscricións: días 19, 22 e 23 de xullo nas oficinas administrativas do Palacio de Deportes de Riazor, en horario de atención ao público (de 08:00h a 13:30h), segundo os requisitos e documentación esixidos pola Deputación da Coruña. En caso de non formalizar a inscrición no prazo establecido entenderase que se renuncia á praza, e as prazas vacantes adxudicaranse seguindo a listaxe de agarda.

7. Inscrición e matrícula. Segundo os requisitos esixidos pola Deputación da Coruña, acompañarase a seguinte documentación:

- a) **Ficha de inscrición da Deputación.**
- b) Foto carné.
- c) Fotocopia do documento de asistencia sanitaria.
- d) Fotocopia do Libro de Familia ou do carné de identidade da persoa solicitante.
- e) Copia do xustificante de pagamento da cota (unha vez adxudicadas as prazas, informarase da conta de ingreso indicada pola Deputación), no que se fará constar: "CAMPAÑA VELA 2019 - DEPUTACION DA CORUÑA", ademais do NOME E APELIDOS.
- f) No caso de precisar un tratamento específico ou padecer algunha doenza que sexa necesario ter en conta, acompañarase xustificante médico asinado polo facultativo pertinente. **Importante facer constar as alerxias alimentarias ou de calquera outro tipo.**

8. Non se permite a cesión da praza asignada a terceiras persoas.

9. As listaxes de solicitantes dos campamentos ofertados, tanto provisional como definitivo, listaxes de agarda e calquera outra notificación relacionada coa presente



convocatoria publicaranse nos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas municipais, na páxina web www.coruna.gal/deportes e no teléfono de información cidadá 010.

- 10.** Coa presentación da solicitude entenderase que o pai/nai ou titor/a da persoa inscrita autoriza a utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes.
- 11.** O Servizo Municipal de Deportes resérvase a facultade de interpretar e valorar as circunstancias concorrentes en cada caso.
- 12.** De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, infórmase que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIONES DEPORTIVAS, cuxo responsable de tratamento será o Concello da Coruña, e cuxas finalidades e usos previstos serán os seguintes: Xestión centralizada das instalacións deportivas municipais e das actividades xestionadas nas mesmas. Así mesmo, infórmase que se publicarán na internet, a través do portal web municipal, as posibles listas de solicitantes (nomes e apelidos) dos cursos ofertados. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante o Rexistro Xeral do Concello da Coruña (Pza. María Pita, número 1), nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da citada Lei Orgánica 15/1999.
